


FALADOIRO

ANO: V

NUM: 7



IRENE Santomé Villanueva
5º E.X.B.

C.P.
TORRE
CELA

¡HOLA, AMIGOS LECTORES DE "FALADOIRO" !


Tedes nas vosas mans outro exemplar do noso periódico, feito polos alumnos de tódolos niveis do C. P, TORRE-CELA de Bueu.

Esperamos que che guste.

Nel atoparedes:

- PORTADA
- SAUDO
- O MAGOSTO .///.ED. INFANTIL
- FELICIDADES..... PRIMEIRO NIVEL
- O QUE TE PERDES CANDO VES A TV/..... SEGUNDO NIVEL
- AS PANXOLIÑAS..... 5ºB
- TRABALINGUAS 6ºA
- OMAGOSTO 8ºB
- A FESTA DA VIEIRA ... 3º
- O MEDIO AMBIENTE 8ºB
- GALICIA
- SEVERO OCHOA..... 8ºB
- NOTICIAS DEPORTIVAS..
- O PAVILLON..... 8ºB
- PASATEMPOS
- 1 HUMOR 6º B
- O QUE "O" PERDES MENTRAS VE-1A T.V.
- ENQUISA
- CONTRAPORTADA

" O FALADOIRO DESEXAVOS UNHAS FELICES FESTAS E UN BON
1994"



magostas
comimos las tamar
y las tamar a las
villas.

E. Imgentil



Felicidades

Lorena

Hugo

Rosi

Andrea

Francisco

Noelia

Melissa

Laul

+ania

Eloy

Nohemi

Sheila


Daniel

Paola L.

Damián

Amuel

Lisec



Paolo N.

Alexander

Abraham

POR VER A T.V. NON PODES:

Andar na bici

Xogar o trompo

Xogar as canicas

Xogar a liga

Xogar cos patíns

Xogar a corda

Leer contos

Xogar ao balón



Xoga as colles

Xogar o escondite


Xogar a pita cega

Escotar música

Deitarse cedo



¿QUE TE PERDES MENTRAS VES A T.V



LITERATURA POPULAR

5º B

AS PANXOLÍÑAS

As panxolínas son cancións de Nadal, aínda hoxe se cantan nalgunhas zonas

Habíase e hainas de Nadal, que se cantan o 24 e 25, de Aninovo que se cantan o 31 e o 1 de Xaneiro e de Reis que se cantan o 6

Despois de cantar pídese o aguinaldo e cos cartes que se xuntan faise unha festa.

A parte destas, que tiñan temas precisos:

• Nacemento do neno, a chegada de Aninovo,
• e a visita dos reis de Oriente, había outras inventadas cada ano que contaban historias

Hai que neno tan bonito | As campés de Belén
Que caraña tan galana. | tocan o abr-lo día
Chunca un neno tan bonito. | mándeno-lo aguinaldo
Mirou a rosa montaña. | Señora doña Maria.
E ramos cantando | Mándeno-lo aguinaldo
e ramos laitando | se nonc quere mandar
é a meller festa que hai, | que ata o portal de Belén
O nacemento do neno | hai moito que camiñar,
que está nos brazos da nai.

~~Clara~~ Gómez Masemlle

TRABALÍ NGUAS

Estaba a cabra, cabratis,
subida na pena, penatis.

Veu o lobo, lobatis

e díxolle á cabra, cabratis:

-Cabra, cabratis;

baixa, baixatis

de pena, penatis.

-Non, amigo lobatis;

que si baixo, baixatis,

me agarras, agarratis,

do galgarranatis.

-Cabra, cabratis,

non te vou agarrar

do galgarranatis

pois hoxe é venres, venratis

e non se pode comer carne, carnatis.

Baixa a cabra, cabratis,

da pena, penatis

e o lobo, lobatis,

agarrouna do galgarranatis.

-¡Amigo lobatis!


¿Non decías que hoxe é venres, venratis,

e non se pode comer carne, carnatis?

-Cabra, cabratis,


a necesidatás

non hai pecatis.





MAGOSTO



No mes de Novembro hai dúas festas, a de San Martiño e o Magosto. A de San Martiño celébrase no meu pobo chama de Bues. Nesta festa hai orquestras que tocan cancións lentas e antigas para lembrar os vellos tempos, tamén hai tendas onde se venden chucherías. Neste día os gumiñetas están xuntas celebrando


con champán, boa comida e probando o uíño novo. No magosto celébrase unha castañada en Tóce. Nos textos, xa que é o tempo das castañas. No contexto é que eu vou, as rapaceas do oficio e algúns mestres asan as castañas para despois repartílas ás demais rapaceas. Mentras que os mestres asan, as outras rapaceas xogan a xogos como o da pedola, o da corda, o do busu de tessure, etc... Estas dúas festas, son moi importantes para a nosa aldea, xa que hai labrega. Pero agora van vir xa as festas do Povo, os rebes, e ano adiante...

A FESTA DA VIEIRA

As vieiras vísanse no mar sobre todo nas rias.
A vieira é un molusco comestible moi común
nas costas de Galicia. A cozida de vieira
lévase os peregrinos que van a Santiago.

As vieiras utilízanse para comer e pódense
preparar de moitas maneiras e é que de calquera
maneira que as preparemos as vieiras están
boísimas. A festa da vieira celébrase en Buea
desde o ano pasado. Ese día eu, as cinco da
tarde, fun co meu pai e coa miña nai a
festa da Vieira. Fomos un carro ata chegar a
Buea. En Buea vimos unha carpa coma a
do circo. Baixo dela había bancos e mesas
e xente pedindo e comendo vieiras.


Sentámonos e pedimos vieiras ¡sabían boí-
simas! Bebímos e marchamos para casa.
Ceamos e fomos a cama. Esa noite soñei
coa festa da vieira e a noite seguinte, e a
seguinte, e a seguinte, e aínda recordo hoxe
o ben que o pasei na festa da vieira.



O MEDIO AMBIENTE


A actitude dunha persoa ante o medio ambiente que a rodea, debería ser boa, pero en moitas ocasións actuamos mal, tirando papeles, chicles, colillas etc... o chan.

Tamen, cando chegan as fechas do nadal, a xente, corta moito acebo dos montes e en algunhas zonas, está prohibido cortalo, porque é o alimento dos "urogalos" e se o recolleemos pra facer adornos navideños, estamos deixando sen alimento a unha especie en extinción.



En estas fechas tamen se cortan moitos pinos e en algunhas zonas os bosques quedan sen ningunha árbore. Cando cortamos un pino deberíamos plantar outro ou dous máis para que o ano seguinte haxa máis repobación deste árbol.

Moitas persoas tamen actúan mal cando prenden fog a un bosque que está repleto de persoas. Se as persoas seguen actuando desta forma os bosques quedaban sen ningunha árbore e isto perjudicaba tamen as persoas, porque os árbores atraen a auga e se hai unha sequía e non hai árbores que atraían a auga a xente non terá con que regar os cultivos e haberá moitos problemas de sequía. Tamén hai un problema gravísimo pra xente que é a destrución da capa de ozono, e isto asípore porque fai uns anos fixéronse unhas investigacións e descubrirose algúns buratos nesta capa. O que fai que esta capa estea desaparecendo, son os "Sprais" xa que levan un gas chamado "freón", que é o destructor da capa de ozono. Se seguivamos unhas normas correctas para mellorar o medio ambiente, agora estaríamos vivindo mellor.




Julio Fernández



8º B




Galicia




Galicia docemente
está ollando o mar;
¡Ten vales e montañas
e terras pra labrar!





Ten portos, mariñeiras
ciudades e labregos
¡Cargados de Traballo,
cargados de Trufagos!




Galicia é unha nai
vellina, soradeira;
¡na voz da gaita riuse,
na voz da gaita chora!



Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!



Galicia somos nós:
a xente e mala fala
¡Se buscas a Galicia
enti: tes que atopala!



SEVERO-OCHOA

O premio Nobel de Medicina, Severo Ochoa, falecido o 2 de novembro en Madrid ós 88 anos, soubo combinar toda unha vida dedicada á ciencia, con un carácter profundamente humano e sinxelo que o converteu no científico español máis querido e popular. Pioneiro da moderna Bioloxía molecular e o único español que obtivera un Nobel científico desde D. Santiago Ramón y Cajal. Ochoa sempre confesou que tivera dúas grandes paixóns na súa vida: a investigación e a súa muller.

Severo Ochoa, perseverante e coa forza de vontade que só se posúen os científicos, soubo sobreporse á morte da súa dona (Maio de 1986) co sumiu nunha profunda melancolía e nun decaemento físico e psíquico co levou a declarar que a vida xa non tiña sentido para él. O mesmo ano recibiu o Nobel.

Foi nomeado académico de honra da Academia de Ciencias de España. A Universidade de Santiago otorgoulle o doctorado Honoris Causa o 31 de maio de 1991 é proposta da Facultade de Bioloxía. No seu discurso, Severo Ochoa aborreu por unha universidade máis elitista, no censo de primar a calidade educativa sobre a masificación e a expendedoría de títulos.



Dende a súa volta en 1985, continuamente mostrouse crítico co desenvolvemento da investigación en España para a que reivindicou a máis medios técnicos e humanos.


Moito a enfermidade, co fixo ingresar en abril na unidade clínica da Concepción da Fundación Jiménez Díaz, poíndo retiralo dun intensa actividade divulgadora, plasmada en numerosas conferencias en universidades e centros de investigación.

Como científico usou as súas conclusións sobre a síntese do ácido nucleico.

moléculas (ADN e RNA) supuxeron toda unha revolución e sentaron a base da moderna investigación bioquímica e abrironlle as portas ós estudos sobre o cancro.

Seus traballos sobre as enzimas permitiron un avance extraordinario na explicación do funcionamento dos compoñentes básicos dos xenos, así como as pistas para explicar o código xenético que regula a herencia.

A concesión do premio Nobel de Medicina e Fisioloxía en 1959 que compartiu co seu discípulo o doutor Arthur Kamberg, supúxolle un acicate e un estímulo. "Obtener el Nobel - dixo- me puso en un aprieto porque me hizo trabajar mucho más y probarme que me lo merecía"



Naceu en 1905 na localidade asturiana de Luarca, onde recibiu sepultura. Súa afición á Bioloxía impulsouno a estudar medicina en Madrid onde se licenciou en 1929. Durante a súa estada na capital viviu na Residencia de Estudiantes onde tivo por compañeiros a Lorca, Dalí, Buñuel e outros intelectuais e artistas da época.

O inicio da Guerra Civil levouno a deixar España para continuar ós seus traballos, primeiro en Alemaña e máis tarde en Gran Bretaña e nos Estados Unidos, país do que sempre falou con agradecemento e cariño e cuxa nacionalidade adquiriu en 1956.

Severo Ochoa sempre se considerou un "exiliado científico" e un "político". Ata 1984 non regresou definitivamente a España.

IVAN NICOLÓ CARBALLO

NOTICIAS

DEPORTIVAS

A INAUGURACION DO PAVILLON DE BUEU

O día 2 de outubro ás 6:00 da tarde en Bueu inaugurouse o Pavillón dos Deportes.

A persoa que cortou a cinta foi o PRESIDENTE da XUNTA de GALICIA ,don Manuel Fraga Iribarne, en presenza do Alcalde de Bueu e outras destacadas persoalidades.

Xogouse o primeiro partido nel o día de outubro ás 6:30 da tarde, despois dunha marcha dende a Banda do Río. O partido foi moi emocionante e disputárono os equipos BUEU ATLETICO BALONMAN e o UNIVERSITARIO de Santiago. O resultado foi de 26 - 20 favorable á Bueu.

O COMENZO DOS ENTRENOS DE BALONMAN

O martes 12 de outubro comenzaron os entrenos dos equipos de balonmán do Colexio Público Torre-Cela coa reunión e distribución dos equipos.

Dende esta data entrénase os martes e venres de tódalas semáns.

O III TORNEO DE XADREZ CELA

Dende fai tempo vense xogando o III torneo de Xadrez no Colexio . As partidas xóganse nos recreos e clasifícanse para a seguinte ronda eliminatoria o mellor de dúas partidas. Pasan á fase final catro xogadores que farán unha liguiña todos contra todos e clasificarán polos puntos obtidos.

AS GOTEIRAS DO PAVILLON DOS DEPORTES

O pavillón de Bueu recentemente inaugurado ten goteirias no teito cada vez que chove e anégase todo. Logo teñen que secalo con panos e fregonas. ¿Qué será? ¿Un fallo na construción?. Pode, pero parece moi estable

no seu aspecto.

AS INUNDACIONES NO XIMNASIO DO COLEXIO

No ximnasio do Colexio Torre-Cela prodúcense anegacións por goteiras cando chove na esquina de atrás a esquerda. Parece ser que o colexio non ten demasiado presuposto, senón fose así, amañarianno.


ENTRENOS E COMPETICION DOS EQUIPOS DE FUTBOL SALA

Tamén os equipos de fútbol sala do colexio comenzaron os entrenos no mes de outubro. Xa xogaron os primeiros partidos da competición con estes resultados: Cela (A) 8, -Beluso 2; Banda do Río 11 - Cela (B) 0 en Infantís. En alevíns Cela 3 - Beluso 1

CROSS DE MONTECARRASCO

Celebrouse o día 5 de decembro e participaron 62 alumnos do colexio en varias categorías. Conseguiron medallas: Carmen Loveira e Noelia Rios en benxamíns. Estefanía Padín 4ª en Infantil feminino e Braulio Otero en infantil masculino.

O próximo cross será en Bueu o 19 de decembro.



O PAVILLÓN DO NOSO COLEXIO




DO NOSO COLEXIO

O pavillón do noso colexio non é moi grande nin moi pequeno. Non ten máis aparatos que un potro, un plinto, unha barra de equilibrio, catro colchonetas e dúas espaldeiras.

Non hai canchas nin unhas boas porterías .Estes aparatos case que nunca os usamos pois xogamos a outras cousas como voléibol, ó pano, e cousas así.

Cando chove anégase e temos alí catro rodas que xa nos serven de flotador.

Deberíamos facer folgas para que nolo amañesen . Hai uns anos fixémoslle o Alcalde de Bueu unhas canchas pero non nos fai nin caso. C que lle decimos éntralle por un oido e saelle por outro.



Non debería ser así, o que debían facer e arranxarnos o pavillón que é o único que queremos.

Espero que o fagan logo e que os pequenos que quedan no colexio o poidan disfrutar.

MARIA PORTAS DE LA IGLESIA

PARASATEMPOS

XEROGLIFICO

C	A	R	E	C	S	O	T	N	E	M	I	V	A	P
O	R	D	Z	A	R	A	N	D	E	A	R	E	S	P
M	O	I	O	P	S	E	S	O	I	D	A	T	A	R
E	T	N	A	R	T	E	N	E	P	L	R	N	D	E
R	N	A	A	I	N	I	S	A	C	A	E	A	I	O
C	E	S	C	C	P	O	O	T	C	R	T	E	T	C
I	S	T	O	H	E	D	R	C	A	E	I	L	R	U
A	M	I	G	O	A	M	I	O	A	M	L	A	E	P
N	I	A	E	S	O	D	I	O	D	S	P	M	U	A
T	R	U	E	A	E	C	O	L	M	E	N	A	I	C
E	R	P	O	N	A	I	C	N	A	T	R	I	D	I
B	U	E	T	E	N	D	E	R	E	T	E	R	A	O
O	B	E	S	O	R	B	O	L	S	I	L	L	O	N
D	A	D	I	S	O	I	R	U	C	R	O	L	A	C
A	A	C	O	N	T	I	N	U	A	C	I	O	N	S

Accidente, Aburrimento, preocupación, Continuación, tenderete, pavimentos, comerciante, curiosidad, penetrante, caprichosa, divertidas, estampado, esmeralda, zarandear, bolsillo, corredor, maleante, dinastía, rúa, anciano, tachado colmena, tapón, acémila, adorno, pescado, litera, arriero, panera, dioses, acoge, calor, oídos, telas, traves, cera, pino, boda, casi, obeso, cría, vida.

INXENIO

Colocando no seu orde as iniciais das figuras, atoparás o nome dun gran pintor



Pera



Seis



Oreña



Árbol



Cebola



Serpe



Indio

ii
D
I
V
I
R
T
E
T
E
!!

HUMOR










ORANGE



Picasso 8-2 E

O que te perdes mentras ve-la televisión



ENCUESTA


- I. ¿Cuántas horas al día estudias?
- II. ¿Te parecen buenos los profesores en la enseñanza?
- III. ¿Los estudios te dejan tiempo para divertirse?
- IV. ¿Haces actividades extra escolares?
- V. ¿En tus momentos libres que haces?
- VI. ¿Te gusta la lectura?
- VII. ¿La televisión te saca mucho tiempo?
- VIII. ¿Que opinas sobre que te monten muchos deberes?
- IX. ¿Ayudas a tus padres en las actividades de casa?
- X. Cuando haces un plan de estudio siempre lo cumples?
- XI. ¿Tienes al una ayuda familiar o de un profesor particular?
- XII. ¿Haces mucho uso de la biblioteca escolar?
- XIII. ¿Te parece que en clase se entra muy temprano?
- XIV. ¿Te parece muy corto el recreo?
- XV. ¿Las clases son muy largas?
- XVI. ¿Te gustaría comer en el colegio?
- XVII. ¿Te gustaría tener tornada intensiva?
- XVIII. ¿Tus padres te dejan salir?
- XIX. ¿Crees que es bueno salir a la escuela?
- XX. ¿Crees que el fin de semana es para descansar o para hacer trabajos atrásoos?

Muchas gracias por vuestra colaboración sin vosotros esta página no sería posible, gracias a: Andrea, María, Raquel, Aurora, Esteban, Darío, Chabela....

- | | |
|-----------------------------------|---------------------------------|
| I. De 10-1 una hora | XI. De 10-2 tienen ayuda |
| De 10-2 dos horas | De 10-3 no la tienen |
| De 10-3 tres horas | XII. De 10-5 hacen uso |
| De 10-4 no estudia | De 10-5 no hacen uso |
| De 10-5 cuatro horas | XIII. De 10-6 se entra temprano |
| De 10-6 media hora | De 10-4 no se entra |
| De 10-7 depende del tiempo | XIV. De 10-9 hay poco recreo |
| II. De 10-5 opinan que son buenos | De 10-1 es lo suficiente |
| De 10-5 opinan que no lo son | XV. De 10-6 son muy largas |
| III. De 10-7 tienen tiempo | De 10-4 son normales |
| De 10-8 no tiene tiempo | XVI. De 10-5 quieren |
| De 10-2 a veces tiene tiempo | De 10-5 no quieren |
| IV. De 10-6 hacen actividades | XVII. De 10-10 quieren tenerla |
| De 10-4 no las hacen | XVIII. De 10-7 los dejan |
| V. De 10-2 juegan | De 10-3 no los dejan |
| De 10-4 ven la tele | XIX. De 10-10 es bueno |
| De 10-3 dan una vuelta | XX. De 10-7 para descansar |
| De 10-2 leen | De 10-3 para ambas cosas |
| VI. De 10-6 le gusta | |
| De 10-4 no le gusta | |
| VII. De 10-4 le falta tiempo | |
| De 10-5 no le falta tiempo | |
| VIII. De 10-9 quieren menos | |
| De 10-10 quiere más | |
| IX. De 10-10 ayudan | |
| X. De 10-6 lo cumplen | |
| De 10-4 no lo cumplen | |

CUIDEMOS LA NATURALEZA

100% PAPEL RECICLADO



ESTE PERIÓDICO É FEITO COM PAPEL RECICLADO. Celso 6º B.

